

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vilagarcía de Arousa recordándolle que, en cumprimento da normativa en materia de Administración Local, de Procedemento Administrativo e de Transparencia, débese polo Concello dar acceso á maior brevidade posible, á documentación de autorización dunha instalación eléctrica e de ser o caso, os controis do cumprimento da mesma pola Administración

Expediente: N.9.Q/11816/23

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX con data do 13 de xuño de 2023, no que expón que nas festas locais da súa vila, se engancha para a iluminación, nunha liña eléctrica de Unión Fenosa Distribución (UFD) ancorada á fachada da súa vivenda (R/XXX e que fai esquina coa praza XXX), sen o seu permiso que denegou expresamente, posto que cada vez que fan un enganche nesa liña, lle producen alteracións eléctricas non seu domicilio. Os cables que están colocados na liña non pertencen a UFD, e pertencen á comisión de festas, polo que o Concello o remite á Comisión para que rectifiquen as deficiencias e quiten desta liña.

O interesado presentou ante o Concello escritos con datas do 24 de xaneiro, 2, 17, 23 e 27 de febreiro, e 28 de marzo de 2023, nos que entre outros asuntos, solicitou acceso aos permisos da dita instalación, sen obter resposta, e sen que polo Concello se verificasen ou inspeccionasen as instalacións eléctricas, que considera que non cumpren coa normativa de seguridade. Indica que se colocou un cadro eléctrico e os seus enganches a un tirante de suxeición do tendal o que é un perigo. A dita instalación indica que lle produciu danos cos aparellos eléctricos que estaba a usar nese momento, así como o portátil, a tableta gráfica, e a calculadora conectada ao portátil, dous enchufes da cociña deixaron de funcionar. Por parte da Comisión de festas indicáronlle que chamase a un electricista e que o arranxase, que tiñan un seguro e que lles pasase a factura.

O interesado chamou ao servizo de emerxencias e avarías, que cando viu o cableado, lle indicou que eles non podían fai nada posto que ese cable non pertencía a UFD e que a única solución que lle podían dar era que os denunciase e que quitase el mesmo o cable que lle estaba afectando na subministración eléctrica.

Considera que o cableado da forma na que estaba instalado, non cumpre as normativas de seguridade, ao carecer os empalmes de ficha de regreta para a súa unión que debe estar recuberto de cinta illante. Informouse á Presidenta da Comisión que nesa liña, non podía facer o enganche porque o tiñan prohibido por un escrito de Fenosa.

O Concello, como responsable de verificar e inspeccionar as instalacións da iluminación dos festexos antes de dar conformidade para o seu funcionamento, debe dar información sobre o proxecto á persoa encargada de solicitar os permisos para poder poñer a iluminación do evento, á empresa responsable da instalación da iluminación dos festexos, como así tamén á persoa responsable do seu mantemento, montaxe e desmonte das mesmas instalacións. Indica que esta situación se repite cada vez que son as festas locais onde reside.

### **ANTECEDENTES**

A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, na que se solicitou a remisión de información ao Concello de Vilagarcía de Arousa con data do 22 de xuño de 2023.

Con data do 10 de agosto de 2023, o Concello remite oficio co que achega informe emitido polo responsable do Servizo de Alumeado Público, Auditorio e Estacións Bombeos en data 12 de xullo de 2023, relativo á responsabilidade do problema plantexado nas queixas formuladas polo interesado.

Nese informe indícase que o responsable da liña eléctrica é a empresa da UFD, mentres que o responsable da contratación do número de arcos luminosos, a súa colocación e situación é a Comisión de Festas do Carmen e a Comisión de Festas do Rosario de Vilaxoán. A responsable da instalación dos arcos luminosos é a empresa contratada polas citadas Comisións para a instalación dos arcos luminosos á liña eléctrica de UFD, e a empresa contratada polo interesado non está autorizada para manipular o cableado das liñas eléctricas de UFD.

Conclúe que o Concello de Vilagarcía de Arousa non ten ningunha responsabilidade en todo o sucedido.

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.**- Da documentación remitida polo interesado e o oficio remitido polo Concello, conséntase que presentada solicitude de acceso ao expediente da instalación das luces para a celebración das festas que está a provocar danos na vivenda do interesado, non se lle deu resposta ningunha.

**SEGUNDA.-** O artigo 18.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, reconece o dereito dos veciños a ser informados, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, consonte o previsto no artigo 105 da Constitución. Este precepto debe relacionarse con outras previsións contidas nese mesmo texto normativo, tales como o artigo 69 do dito texto legal, que obriga ás Corporacións locais a facilitar a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local ou o artigo 70.3, onde se regula o dereito dos cidadáns para obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105.b) da Constitución.

Á súa vez, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, regula os dereitos dos cidadáns en dous artigos diferenciados, separando os que lle corresponden a todas as persoas en abstracto cando se relacionan coas administracións públicas (artigo 13), dos que pertencen aos interesados nun procedemento, e sempre que reúnan tal condición (artigo 53). Desta maneira, diferéncianse aqueles dereitos que un cidadán exerce fronte á Administración cando actúa como interesado nun procedemento, daqueles que só lle pertencen polo mero feito de ser unha persoa e preténdase relacionar coa Administración.

Todas as persoas teñen o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, consonte o previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e o resto do Ordenamento Xurídico, de conformidade co apartado d) do artigo 13 da Lei 39/2015, polo que, atendendo a este precepto, non se precisa que se acredite a condición de interesado para pretender obter información sobre un expediente de licenza ou autorización de actividade municipal.

**TERCEIRA.-** Nesta caso, estase a solicitar o acceso á documentación correspondente á autorización para a instalación dun alumeado para unhas festas que esta a causar danos na vivenda do interesado, que non ten a obriga de soportar, sen que se lle dera acceso á mesma. Con independencia de que se poida determinar que o dano provocado é responsabilidade da Administración Local ou da Comisión promotora das festas, debe dárselle ao interesado, á maior brevidade posible, acceso ao expediente para que en base ao mesmo, poida determinar as circunstancias da autorización concedida, a execución das instalacións e o control do cumprimento da mesma pola Administración, que tivo coñecemento dos danos que estaba a provocar a dita instalación, e esixir as responsabilidades que considere que correspondan, tendo en conta que sendo unha instalación de iluminación exterior, de acordo co artigo 9 do Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, debe reunir as condicións correspondentes á súa peculiar situación de

intemperie polo risco que supón, e polo feito de que parte dos seus elementos son facilmente accesibles.

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Vilagarcía de Arousa o seguinte:

### **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**

Recordámoslle que, en cumprimento da normativa en materia de Administración Local, de Procedemento Administrativo e de Transparencia, débese polo Concello dar acceso á maior brevidade posible, á documentación de autorización da dita instalación e de ser o caso, os controis do cumprimento da mesma pola Administración.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta-se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo